


O cónego Andrés Ortega y Cerezo fundador da Colexiata de Cangas

Xerardo Dasairas

A dous meses vista desta data, vanse cumprir 470 anos do falecemento deste personaxe clave na historia de Cangas que seis anos antes (1542) lograra que a igrexa de Cangas fose elevada ao rango de Colexial cun prior e seis curas racioneiros. Deste personaxe, a pesar de térense publicado algunhas reseñas, aínda descoñecemos as razóns da súa chegada a Darbo e o proceso que motivou que a igrexa de porto de Cangas se acabase convertendo, primeiro en parroquia e logo en colexiata.

Sempre nos resultou chamativo que un cónego capitular e sochantre burgalés aceptase facerse cargo dunha humilde parroquia, ubicada nos confins atlánticos de Galicia e neste sentido procuramos buscar unha razón que encaixase co seu elevado rango eclesiástico naquela cidade castelá e atopar unha xustificación plausible da súa aceptación dese nomeamento.



Lauda funeraria de Andrés Ortega de Cerezo no presbiterio da parroquial de

Contodo e a pesar da suposta humildade da parroquia de Darbo, cabe reiterar que na mesma se ubicaba o castelo arcebispal de Aravo e de al que o arcebispo Alonso Fonseca III (1507 - 1523) mantivese o cargo de titular sen cura do da freguesía. Unha razón de peso para o nomeamento do importante sochantre burgalés como presbítero de Darbo e Cangas pudo ser tamén a necesidade de asentar o dominio da Mitra santiaguesano rendible porto, unha vez que a casa de Soutomaior, caída en desgraza a finais do século anterior, non volveuse a reclamar do arcebispado o seu señorío sobre o pequeno territorio que lles chegou pola relación familiar cos Varela, primeiros posesores desde 1160 desta herdade á beira do mar.



Brasón de A. Ortega de Cerezo na parroquial de Cangas

Debemos lembrar tamén que nesta altura, Darbo xa tiña incrementado os seus fregueses grazas a atracción económica do porto de Cangas e a riqueza que xeraba, construíndose unha nova igrexa no mesmo pero que desde o primeiro momento vai aparecer tamén moi ligada ao poder concellil. Asemade, cabe anotar que tras deste nomeamento do canónigo burgalés semellan confluír, non só o cambio do chamado apostolado activo ou mudanza dos cregos regulares polos seculares, senón tamén a intención da Mitra santiaguesa de controlar todos os caladoiros da súa diócese como Cangas, incluídos Vigo e Bouzas na outra beira da ria. Por outra banda e ao fido que sabemos, semella haber unha solapada intención familiar que propiciaría o alonxamento do cónego Ortega y Cerezo das súas posesións burgalesas que incluían capelas na catedral, o sepulcro no convento das Doroteas e incluso o castelo de Mazuelo de Muñó. O incumplimento do tes-

tamento deixado por este é outra incógnita pois o sochantre acabaría soterrado no presbiterio da colexiata de Cangas e non no sepulcro das Doroteas de Burgos como consta na súa manda notarial.



Andrés de Ortega y Cerezo tiña por apelidos os de Peral y Cerezo pero por disposición testamentaria do seu tío , o arcebispo de Almería, incluíría o apelido Ortega como distintivo da linaxe. Deste personaxe, agachado na penumbra da historia de Cangas, non temos moitos máis datos que os que nos suministran a Historia de Cangas, os traballos xenealóxicos de Rafael Fdez-Broullón ou internet, pero sabemos que desde 1520, o canónigo Ortega xa figura como cónego atitulado nº 14 entre os corenta e dous pertencentes ao Cabildo da Catedral de Santiago no mesmo ano do seu importante papel na arbitrase cos rebeldes do movemento comuneiro burgalés. Cabe tamén, que a súa chegada a Compostela tivese que ver coa presenza dun seu cuñado, fillo do que era rexidor de Burgos, Pedro de Torquemada, como arcediano do Salnés. Precisamente sería un seu sobriño, Pedro Ortega de Cerezo, tamén fillo deste Torquemada, de orixe xudeoconverso, quen había recibir a herdanza do castelo do canónigo burgalés e agora párroco de Darbo e Cangas.




Filigranas gótico-renacentistas, gárgolas e pináculos da primitiva igrexa

O crecemento comercial do porto de Cangas seguía atraendo nestas datas a numerosas xentes, producíndose un incremento de fregueses na igrexa de Cangas, unhas oitocentas almas, que imposibilitaba xa a súa atención e máis os da parroquia de Darbo por só un cura e un capelán. Sabemos que en 1501 xa estaba levantada a igrexa de Cangas, alcanzando así o porto, o rango de vila que lle atribúen os documentos e que esta nova conxuntura vai propiciar que o novo presbítero Andrés de Ortega, quizáis despois de 1523, solicítase, xa que logo, a creación dunha nova parroquia para o Porto de Cangas, xa en tempos do arcebispo Pedro Sarmiento. Non temos datos da constitución e límites desta nova parroquia pero é lóxico que o seu ámbito territorial fose o mesmo que o de Darbo pois esta igrexa había perder o rango de parroquia, pasando desde esta data, a ser un anexo da de Cangas.



Pináculo e gárgola

En 1542, xa baixo o arcebispo Gaspar de Ávalos de la Cueva, a igrexa de Cangas vai ser erixida en colexiata ao renunciar Ortega de Cerezo aos beneficios da sexta parte do curato que manterían a un prior e seis racioneiros na súa administración sendo confirmada como tal en 1545 polo Papa Pío IV. Á morte do cónego, a colexial seguiríase mantendo e medrando coa sexta parte dos décimos procedentes dos rendementos do mar e da terra. Neste mesmo ano e quizáis aproveitando estas circunstancias de creación dun novo espazo parroquia, o cura de Coiro, Mateo de Mondragón, fai para si, un apeo co deslinde da súa parroquia no que se sobrepasa o seu antigo límite parroquia e sen reclamación algunha, inclúe terras que, ao menos documentalente, pertencían á antiga parroquia de Darbo.




Interior da igrexa parroquial de Cangas

Ortega y Cerezo morrería en 1548 en Cangas e posiblemente deixaría de exercer no momento en que se nomea o novo prior e racioneiros cuxa elección reclamaría o mosteiro de Poio como herdeiro da prebenda de padroado que tiñan exento do cenobio de Hermelo sobre Darbo. Esta circunstancia tamén vai condicionar que a nova colexial e os seus rectores se rixan nos seus oficios polas regras monásticas, ao menos nos seus inicios. O primeiro prior sería Gregorio Soliño, crego de San Martiño de Moaña, aparecendo tamén na nómina frei Juan de Mandayo, último abade de Hermelo. En contra do que testara, Andrés de Ortega sería soterrado, xa que logo, na colexial de Cangas e de al as nosas sospeitas sobre o incumplimento da súa manda polos seus beneficiarios, os Torquemada burgaleses.

A erección, ampliación, mantemento e culto da colexiata non só recaeron en boa medida nos aportes do gremio do mar senón que a mesma sociedade e autoridades da época consideraban como algo habitual e lóxico que os cartos municipais sostivesen moitos dos actos relixiosos en base a que o Concello cangués xa asumise en 1552 o padroado da colexiata con carácter perpetuo. Entre os actos subvencionados destacaban os da Semana Santa coa asistencia da Corporación, aos cales, segundo un informe municipal de cara a mediados do XIX, *ainda contribuía o Concello como unha carga adicional aos xa mingados presupostos en prexuízo da Beneficencia e do Ensino.*

Desde esta época e ata a constitución dos novos concellos cara a 1833, o Correxemento municipal de Cangas, xuices, escribáns, notarios... foron dúplices, uns polo civil e outros pola Mitra compostelá.



Capeta do Cristo do Consolo

En 1565 comezaría a ampliación da colexiata ata alcanzar o volume construtivo que coñecemos hoxe, aínda que so algunhas reformas ao longo da súa existencia como a do campanario e outros elementos construtivos, despois da destrución e desfeita de Cangas en 1617, provocada polo asalto dos corsarios turco-berberiscos do que xa nos ocupamos profusamente noutros traballos, pero que foi un aciago episodio que tamén contribuíu á existencia deste baleiro documental sobre o canónigo e sochantre Andrés de Ortega y Cerezo que un día foi párroco de Darbo e Cangas.

Testamento do cónego Andrés de Ortega*

Burgos 18/03/1546. Ante Bernardino de Santotís, notario.

Testamento e institución de mayorazgo de Andrés Ortega de Cerezo, sochantre, canónigo y protonotario de esta iglesia, que instituyó dicho mayorazgo en su sobrino Pedro Ortega de Cerezo, con condición de que todos sus herederos llevaran su apellido y armas.

Dispone por última voluntad ser enterrado en el convento de Santa Dorotea de Burgos, frente a la sepultura del obispo "su señor", que fundó dicho convento junto a su padre, donde debe de hacerse un arco en el que se coloque una piedra de jaspe con su figura de bulto y otra de un mancebo en alabastro con su letrero.

Manda que en la capilla mayor de dicho convento no puedan enterrarse los que no sean sucesores de su mayorazgo y que se haga una cripta desde la tumba de sus padres a la suya, construida por Vallejo. Deja a este convento su cáliz y otros ornamentos; y a este cabildo 90.000 mrs. para que se celebre una misa anual perpetua por su alma el día del Corpus.

Nombra por sus cabezaleros a Francisco de Mena, arcediano de Lara, Alonso Díez de Lerma, canónigo, y Pedro de Melgosa, regidor de Burgos.

Deja otros 200 ducados al hospital de Villa-franca Montes de Oca. Manda que se terminen de pagar en seis años los 300 ducados que dio de limosna cuando se cayó el crucero de esta iglesia, y hace otras varias mandas.



Sepulcro de Andrés Ortega con imaxe de culto na igrexa das Doroteas



Outra das capelas dos Ortega Cerezo nas Doroteas

*Por este testamento e pola sepultura nas Doroteas, cren en Burgos que Andrés de Ortega y Cerezo está alí enterrado, ignorando a súa sepultura en Cangas.

(Publicado en "Asociación del Santísimo Cristo del Consuelo". Cangas, Agosto de 2018)